CEIP Mestres Goldar

[Versión 1.0_9 xuño 2022]

XUNTA DE GALICIA	**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA** **Colexio de Educación Infantil e Primaria "MESTRES GOLDAR"**
	Rúa A Costa, 4 (36213) CASTRELOS– VIGO **Tfno: 886120095 / 886120096 / 886120094 / 638258525 / Fax: 886120097** **E-mail: ceip.mestres.goldar@edu.xunta.es** **http://edu.xunta.es/centros/ceipmestresgoldar** **www.blogoteca.com/orecantodemik**

Índice do Plan Dixital

1. **Introdución**
   1.1. Datos básicos do centro
   1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
   1.3. Breve xustificación do mesmo
   1.4. Proceso de elaboración

2. **Situación de partida**
   2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
   2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
   2.3. Análise DAFO

3. **Plan de Acción**
   3.1. Obxectivos, indicadores e accións
   3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. **Avaliación do PD**
   4.1. Seguimento do Plan de Acción
   4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. **Difusión do PD**

1. Introdución

1.1. Datos básicos do centro

O CEIP Mestres Goldar é un colexio de educación infantil e primaria de titularidade pública dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia co nº de código 36010150.

É un centro de liña 1 que conta cun total de 9 unidades (3 de infantil e 6 de primaria), cun total de 201 alumnos. A prioridade metodolóxica tanto en infantil coma nos primeiros cursos de primaria tende á eliminación progresiva dos libros textos, así como á apertura das aulas tendendo a un traballo mais cooperativo e enriquecedor, creando espacios de aprendizaxe.

INFANTIL	Nº ALUMNOS	MESTRES/AS
4º INFANTIL	22	1
5º INFANTIL	24	1
6º INFANTIL	24	1
APOIO		1
COIDADORA		1
TOTAL	70	5

PRIMARIA	Nº ALUMNOS	MESTRES/AS
1º EP	19	1
2º EP	23	1
3º EP	25	1
4º EP	21	1
5º EP	24	1
6º EP	19	1
TOTAL	131	5

ESPECIALISTAS	MESTRES/AS
MÚSICA	1
ED. FÍSICA	1
INGLÉS	1
RELIGIÓN	1
ORIENTADORA (Comp.)	1
PT	1
AL (Comp.)	1
TOTAL	5

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O C.E.I.P. MESTRES GOLDAR atópase situado nunha zona privilexiada ao lado do parque de Castrelos. A pesar de contar con mais de trinta anos cheos de vivencias está coidado con esmero e a sensación é de benestar polas súas características: amplitude de espazos tanto dentro dos edificios como no xardín onde o alumnado goza nas horas de recreo, luminosidade e decoracións alegres feitas polos nenos e nenas. Escolarizamos ao alumnado dende os tres ata os doce anos, onde dá por rematada a etapa da Educación Primaria.

O claustro do profesorado está moi implicado á hora de crear un clima agradable para os nosos alumnos e alumnas que favoreza o desenvolvemento da súa personalidade sen abandonar as normas que deben existir en toda comunidade educativa. A relación coas familias é fluída facilitando o proceso de aprendizaxe e a relación de todo o alumnado.

Realízanse tamén saídas a diferentes puntos de interese, actividades que consideramos importantes para a formación integral dos nenos e nenas desta idade.

Contamos co profesorado especialista nas distintas materias, Lingua Inglesa, Educación Musical, Educación Física, Audición e linguaxe, Pedagoxía Terapéutica e un departamento de Orientación para tratar os problemas que poidan aparecer. Contamos tamén cun ximnasio amplo, unha completa e

coidada Biblioteca e un pequeno Horto no que gozan cando o tempo o permite todos os alumnos e alumnas.

O centro conta tamén cun servizo de acollida matinal, servizo de transporte escolar, servizo de comedor e diversas actividades extraescolares xestionadas pola ANPA.

En resumo, traballamos dentro do proxecto Educativo do Centro para que o noso alumnado saia ben formado tanto a nivel de coñecementos como a nivel humano e preparados para comezar unha nova etapa na súa vida escolar e persoal.

O alumnado procede da parroquia nunha porcentaxe importante pero tamén, grazas ao servizo de transporte, hai un número significativo doutras zonas da cidade de Vigo. Tendo polo tanto unha mestura de procedencias: rural, semiurbana e urbana.

O entorno socioeconómico e cultural podemos consideralo dun nivel medio. En canto á lingua materna do noso alumnado é maioritariamente o castelán, aínda que o entorno próximo ao centro conta nas familias co galego presente de forma significativa.

É un centro de carácter aconfesional no que se imparte unha educación baseada na tolerancia e o respecto a todo tipo de crenza ou opinión, sen discriminación por razón de nacemento, cultura, relixión ou calquera outra condición persoal ou social. A finalidade basica é favorecer que os nenos e as nenas se integren na sociedade de forma crítica e creativa e adquiran as aprendizaxes básicas que lles proporcionen autonomía persoal.

Tentamos o pleno desenvolvemento da personalidade, no respecto e fomento dos principios democráticos, da convivencia e dos dereitos e liberdades fundamentais da persoa, procurando que todo este proceso se produza nun clima de gusto pola aprendizaxe non exento do esforzo que require a consecución de calquera meta da vida.

1.3. Breve xustificación do mesmo

As TIC permiten transformar profundamente o proceso de ensino e aprendizaxe, e fomentar o interese e o desexo de aprendizaxe autónomo perante toda a vida, con instrumentos que permiten facelo en cada momento e en calquera lugar. Sempre dentro deste marco xeral elaboramos os obxectivos concretos que o noso Centro plantéxase no desenvolvemento do presente Plan para a integración das TIC na escola.

A referencia fundamental para que o noso centro desenvolva o seu potencial dixital a través deste Plan Dixital é o Marco Europeo para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes (DigCompOrg), desenvolvido polo Centro Común de Investigación (JRC, Joint Research Centre), da Comisión Europea. Este Marco é parte do estudio Furthering Innovative Education, posto en marcha pola Dirección Xeral de Educación Cultura da Comisión Europea y o Centro Común de Investigación–Instituto de Estudos de Prospectiva Tecnolóxica (IPTS).

- Tendo en conta estes organismos, e tal é como establece a Resolución do 3 de setembro de 2021 pola que se dictan instruccións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos de Galicia, curso 2021-2022 e necesario realizar este plan no noso centro para establecer o traballo da competencia dixital do noso alumnado atendendo a tres grandes dimensións: pedagóxica, tecnolóxica e organizativa.
- Tamén é necesario atender a outros referentes lexislativos como:
  + Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
  + Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
  + Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se

ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

1.4. Proceso de elaboración

Todos os anos no noso centro iniciamos o curso pensando en cómo mellorar as capacidades dos nenos e nenas, e unha asignatura pendente, ou mellor dito, inacabada era o tema da dixitalización. Isto levou a que nos últimos anos os mestres adicaran moito tempo en formación en todo o relacionado con este mundo dixital.

Aínda así nunca paramos a reflexionar sobre as nosas DAFO, polo que o proceso para a elaboración, fai que teñamos un camiño por onde avanzar.

Todo empezou co test Selfie, cunhas preguntas que nos levaron a facer unha reflexión sobre a dixitalización do centro, entre isto e o test CDD, démonos conta que había moitas lagunas.

O seguinte paso foi a elaboración das DAFO, que serviu de punto de partida para elaborar este plan.

Cada paso que damos é un avance, e mailas dificultades presentadas neste tempo de pandemia, a cantidade de formación e reunións para moitas outras facetas a mellorar no eido educativo, este pan suporá un comezo.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

O noso centro está en proceso de renocación, tanto metodolóxica coma de recursos.

Partimos dus recursos obsoletos, renovando cada certo tempo cos cartos do centro e algunha aportación extra da administración.

2.1.1 Infraestrutura.

O centro conta con infraestrutura dixital de datos cableada e sen fíos, ademáis de infraestrutura de telefonía (con dúas liñas de teléfono).

Acaban de actualizar a rede wifi do cole, aínda que existen aulas ás que non chega esa cobertura.

Todas as aulas contan con acceso cableado, salvo o laboratorio, e o ximnasio.

A cobertura de rede non é suficiente xa que o router non ten capacidade suficiente para distribuir toda a capacidade que nos chega ao colexio.

2.1.2 Equipamento.

AULA	ORDENADOR	PORTÁTIL	TABLET	PDI	PROXECTOR	OUTROS
BIBLIOTECA	2-2	1	1		1	
infantil 3a		1			1	
infantil 4a		1			1	
infantil 5a		1			1	
1º EP		1 - 1			2	
2º EP		1		1		
3º EP		3		1	1	
4º EP	2	1		1		
5º EP	2	1			1	
6º EP	2	1			1	
Orientación	1					
Música		1			1	
Relixión		1			1	
Apoio Infantil		1			1	
Audición e Ling. (2 aulas)		1				
Pedagoxía Ter.		1		1		
Sala Profesores	2					
Secretaría	1					
Dirección		1				
Xef. estudos	1					
Aula infor.	5 - 8				1	
Fenda Dixital		10				10
TOTAL	28	29		4	13	10

Lenda:
Verde: estado bo.
Amarelo: estado bo pero ten máis de 10 anos.
Vermello: obsoleto, desuso, non funciona…

2.1.3 Servizos dixitais educativos

O centro tamén conta con servizos dixitais educativos: servizos corporativos e non corporativos que facilitan a xestión docente:

- **Corporativos:**
  - Portal web do centro educativo
    - https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestresgoldar
  -
  - Aula virtual do centro educativo
    - https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmestresgoldar/aulavirtual
  -
  - Correo corporativo:
  - ceip.mestres.goldar@edu.xunta.gal
  - abalarMóbil para as familias
  - abalarPro para o profesorado
  - espazoAbalar: para o profesorado
  - Servizo de videoconferencia: Webex
- **Non corporativos:**
  - BLOGUES:
    https://novorecantodemik.blogspot.com/
    https://amaxiadossonos.blogspot.com/?m=1
    http://ocurrunchodoprimeirociclo.blogspot.com/
  - YOUTUBE:
    https://www.youtube.com/channel/UCSIOGzTpI4ct6358WVJR3lA

Parte do plantexamento pasa por que as novas tecnoloxías pasen a ser un recurso mais e non un recurso excepcional.

Por todo isto temos todas as aulas con alomenos 1 ordenador e proxector, a maioría con PDI (en proceso de completar), ademais de ter un horario na aula de informática, así coma ordenadores na biblioteca.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE

Areas	Grupos	Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	2.7
	Profesorado	3
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.4
	Alumnado	3.1
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	2.8
	Profesorado	2.7
	Alumnado	4
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3.9
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
E- Pedagoxía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3.5
	Profesorado	3.3
	Alumnado	
F- Pedagoxía: Implementación na aula	Equipo Direct.	2.9
	Profesorado	2.3
	Alumnado	3.6
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2
	Profesorado	2.1
	Alumnado	
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.3
	Profesorado	2.9
	Alumnado	3.7

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	11	13	84.6%
PROVISIONAL	1	2	50%

SUBSTITUTO	1	3	33.3%

N.º profesorado total	13
N.º profesorado que participa	18
% participación	72.2%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
53.7	Explorador/a (A2)	76.4	Integrador/a(B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
INF	61.7	Explorador/a (A2)	68'2	Integrador/a (B1)
PRI	52.9	Explorador/a (A2)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	1	7.7%
A2	8	61.5%
B1	4	30.8%
B2		
C1		
C2		
TOTAL	13	100.00%

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	**INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO**		C3. O noso centro ten problemas de acceso a Internet para o ensino e a aprendizaxe
	PERSOAL DOCENTE	A3. Conto co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais B2. No noso centro comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais D1. Reflexionamos sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais D2. O noso profesorado ten acceso a posibilidades de CPD en relación co ensino e a aprendizaxecoas tecnoloxías dixitais D3. Axudamos ao noso profesorado a intercambiar experiencias dentro da comunidade educativa sobre o ensino con tecnoloxías dixitais E1. Os nosos profesores	F3. Os nosos profesores non utilizan actividades de aprendizaxe dixital que fomentan a creatividade do alumnado F6. O noso profesorado non fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais G1. Os nosos profesores non utilizan as tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades dos estudantes G7. Non axudamos a utilizar as tecnoloxías dixitais para a avaliación

		buscan recursos educativos dixitais na rede E3. Os nosos profesores utilizan entornos virtuais de aprendizaxe cos alumnos E4. O noso profesorado utiliza tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionada co centro educativo E5. Os nosos profesores utilizan recursos educativos abertos F1. Os nosos profesores utilizan as tecnoloxías dixitais para adaptar o seu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado. F4. Os nosos profesores utilizan actividades de aprendizaxe dixital que fomentan a creatividade do alumnado	
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO	H1. No noso centro o alumnado aprende a actuar con seguridade en internet H4. No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa H7. No noso centro o alumnado aprende a crear contidos dixitais. H10. Asegurámonos de que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as	H11. No noso centro o alumnado non aprende a codificar ou programar

		diferentes materias	
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	A2. Desenvolvemos a estratexia dixital do noso centro en colaboración co profesorado A5. No noso centro respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe C11. No noso centro contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto.socioeconómico C12. Na nosa escola, temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica. PE2. O equipo directivo promove ou acomete software libre no ámbito educativo PE3. Dende o centro educativo promover a participación do profesorado nas actividades formativas	A1. No noso centro non temos unha estratexia dixital A2. No noso centro os profesores non teñen tempo para explorar como mellorar o seu método de ensino coas tecnoloxías dixitais B1. No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais C13. No noso centro o alumnado non pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilizalos durante as clases. C15. No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais non ten acceso ás tecnoloxías de apoio C16. No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe

		individuais organizadas pola Administración educativa para actualizar as competencias didácticas do profesorado. PE5. Nas aulas do centro hai equipos informáticos mercado polo propio centro. DPC1. O profesorado fórmase tanto de xeito presencial coma en liña para mellorar a súa competencia dixital.	

	EXTERNOS	OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	**ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA**	Oferta formativa en novas tecnoloxías. Estabilidade Laboral do persoal docente	Falta de renovación dos equipos informáticos Infraestructura de redes ineficaz Software libre moi restrictivo e incompatible con algunhas ferramentas
	LEXISLACIÓN		
	CONTORNA	Participación das familias	Nivel socioeconómico das familias medio- baixo. Algunhas familias sen acceso a internet no fogar.
	ANPA	ANPA moi colaborativa e participativa	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

Este documento ten coma obxectivo dar resposta ás necesidades que amosa a sociedade actual no referente ao uso responsable da tecnoloxía por parte do noso alumnado así como, tras unha reflexión no eido educativo(avaliacións, reunións equipos docentes...), tamén do profesorado e do centro

A posta en práctica da competencia dixital require prestar atención a numerosos aspectos: pedagóxicos, formativos, organizativos, de xestión de recursos. Iso xustifica por se mesmo a necesidade de elaborar un plan o proxecto, que baseado nos principios e obxectivos preestablecidos no Proxecto Educativo do Centro, describa a súa integración e desenvolvemento.

O contido do Plan céntrase na reflexión realizada nos aspectos que creemos claves: o novo paradigma educativo, o programa e a maquinaria que utilizamos ás escolas, a aplicación das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Tralo análise do Test Selfie, o CDD, e reflectilo no indforme DAFO, chegamos á conclusión de que algúns deses valores debería desenvolverse dalgún xeito. A raíz desta reflexión elaboramos un plan de acción cuns obxectivos axeitados para empezar o camiño para encamiñarnos cara un nivel axeitado de competencia dixital.

O obxectivo do Proxecto é de promover a integración das TIC en todos os procesos que acontecen na escola, tanto na xestión como nos procesos de ensino e aprendizaxe. Promover a integración das TIC como unha ferramenta cunha enorme capacidade transformadora dos mesmos procesos que acontecen nos centros educativos.

O contido do Proxecto céntrase na reflexión realizada nos aspectos que creemos claves: o novo paradigma educativo, o programa e a maquinaria que utilizamos

ás escolas, a aplicación das TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.

Parte dos obxectivos consiste en acometer unha renovación dos equipos informáticos das aulas de , xa que os equipos son vellos e case obsoletos, dificultando moito traballar con eles. Entre os aportes da administración e os recursos do centro, levaremos a cabo esta mellora.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Entre as necesidades de infraestructura máis urxentes que necesitamos e a instalación dunha rede wifi na planta planta baixa para acceso á biblioteca e na segunda pranta para o laboratorio e aulas de apoio do 3º ciclo así como no salón de actos e ximnasio.

Entre as necesidades de equipamento, é necesario acometer unha renovación dos equipos informáticos das aulas de especialidades do edificio de primaria, xa que os equipos que ten son vellos e case obsoletos, dificultando moito traballar con eles.

3.2.1 Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

A continuación inclúese **unha táboa** na que se especifican as necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas necesarias para o logro e consecución dos obxectivos marcados polo centro no plan dixital.
Para a clasificación por categorías e tipo tomáronse como referencia as indicacións establecidas no documento proporcionado por Servizos Centrais a través do taboleiro de anuncios da Aula Virtual do equipo ADIX Vigo 1 coas recomendacións de AMTEGA para a elaboración do Plan Dixital.

Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas			
ORIXE	**DOTACIÓN**	**NECESIDADE**	**FINALIDADE**
Aula informática	O pasado curso o centro fixo unha importante inversión en actualizar os equipos fixos e	Recursos dixitalizados variados: ● 10 ordenadores actualizados.	Actualizar e renovar o espazo para uso do alumnado/profesora do cun mínimo de

	aínda así, existen equipos con mais de dez anos. Por outra banda,s portátiles dispoñibles están obsoletos, non conectando moitos deles a rede wifi corporativa. Sería preciso sustituilos , tanto os dos postos fixos coma os portátiles. O canón e a PDI funcionan correctamente.	● 2 equipos portátiles actualizados	calidade e poder acadar os obxectivos que nos propoñemos no plan dixital.
Biblioteca	3 ordenadores de sobremesa	4 portátiles	Dinamizar o traballo na biblioteca facilitando o acceso á información dos usuarios en mellores condicións, prestando deste xeito un mellor servizo ao alumnado.
		2 tablets	Poder utilizalas nos proxectos por ser versátiles e poder transportarse para ser utilizadas en diferentes contextos.
Equipamento para o traballo docente	A sala de mestres necesita dun portátil e un proxector para as reunións	Proxector fixo e portátil	Facilitar as reunións e postas en común dos equipos de profesorado.
SERVICIOS DIXITAIS EDUCATIVOS			
Corporativos	.		
Non corporativos	Plataformas de traballo colaborativo.	Rexistro de contas para o traballo na creación de contidos dixitais: Canva, Genially, Liveworksheet...	Crear contidos dixitais interactivos

Recóllese ademais, a continuación, unha táboa na que se especifican concretamente as **necesidades de cada espazo do centro**:

ESPAZO	NECESIDADES CONCRETAS
Aulas de Primaria	● Reparación das PDI ● 1 canón ● 2 Portátiles ● 8 mini ordenadores
Aulas de Infantil	● 2 Encerados dixitais interactivos ● 1 Canón
BIBLIOTECA	● 1 Encerado dixital interactivo ● 4 portátiles
Aula de música	● 1 portátil ● 1 PDI ● 1 Equipo de son
Aula de inglés	● 1 Portátil ● 1 Equipo de son
Aula de relixión	● 1 Encerado dixital interactivo ● 1 Canón ● 1 Portátil
Aulas de PT e AL	● 1 Encerados dixitais interactivos ● 1 Canón ● 2 ordenadores portátiles
SALA DE MESTRES	● 1 portátil ● 1 canón
Aula de informática	● 1 Equipo de son ● 10 ordenadores ● 1 Impresora multifunción
Outros recursos	● Sistema de gravación de radio ● Micrófonos inalámbricos ● Sistema de gravación de video
Ximnasio	● Canón ● PDI ● Equipo de son ● 1 portátil

ellora:	C: INFRAESTRUTURA E EQUIPOS		
1:	Mellorar as infraestructuras TIC do centro para un uso mais eficaz dos recursos a través da reestruturación dos mesmos. (C2).	**Acadado**	
e:	Administración	**Non acadado**	
R/ES DO TIVO:	Nº aulas actualizadas		
tida:	0 aulas actualizadas		
to e data:	2 aulas actualizadas	31/01/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

ICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
probación ades licitar o esario.	Equipo directivo.	30/10/2022	Inventario		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
ación dos da	Equipo TIC	30/11/2022	Recursos TIC do centro		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
sión do o necesario en lan: n do	Administración	30/11/2023	Recursos económicos do centro e recursos TIC		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	

aula ou inado a tal						
stribución ón do o do de	Equipo TIC	31/12/2022	Recursos TIC dispoñibles no centro		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
amento da rmática	Equipo TIC	31/01/2023	Recursos TIC do centro		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
isa ás re de	Equipo TIC	31/01/2023	Enquisa		Realizada	

Área/s de mellora:	**C: INFRAESTRUCTURA E EQUIPOS**		
OBXECTIVO 2:	Elaborar un banco de recursos TIC por niveis para que o alumnado mellore dun xeito progresivo e cos medios axeitados á súa idade á competencia dixital. (C16)	**Acadado**	
Responsable:	Xefe de estudos	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Nº de recursos área/nivel educativo		
Valor de partida:	0 recursos/área/nivel		
Valor previsto e data:	3 recursos/área/nivel	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
A02.1: Inventariado dos contidos/ recursos didácticos dixitais cos que conta o centro.	Equipo TIC	31/10/2022	Inventario.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2 Creación dun espazo na Aula Virtual para acceder a estes recursos.	Equipo TIC	31/10/2022	Aula Virtual. Ordenadores. Conexión a internet.		**Realizada**	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Elaboración dun listado de recursos TIC por niveis e áreas.	Titores e especialistas	06/01/2023	ENLACES WEB, BLOGUES, APPS		**Realizada**	
					Aprazada	

			EDUCATIVAS		**Pendente**	
AO2.4: Organizar o banco de recursos TIC organizado por categorías e niveis coas aportacións dos titores e especialistas.	Equipo TIC Titores e especialistas	30/06/2023	ENLACES WEB, BLOGUES, APPS EDUCATIVAS		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO2.5: Desenvolver actividades de aprendizaxe para o uso deste banco de recursos por parte do alumnado.	Titores e especialistas	30/06/2023	Banco de recursos		**Realizada**	

Área/s de mellora: (E3)	**E: PEDAGOXÍA: APOIOS E RECURSOS**		
OBXECTIVO 3:	Fomentar o uso da aula virtual para para involucrar á comunidade educativa e fomentar a interacción e colaboración.	**Acadado**	
Responsable:	Xefe de estudos	**Non acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades propostas na aula virtual		
Valor de partida:	0 actividades/área		
Valor previsto e data:	3 actividades trimestrais/área	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
				SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**VALORACIÓN DA ACCIÓN**	**ESTADO**	
AO3.1: Solicitar formación en MOODLE.	Coordinador TIC	30/06/2023	Solicitude Formación. CFR.		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO3.2: Participar en formacións en entornos virtuais das ofertadas polo CFR ou externas.	Titores e especialistas	30/06/2023	Grupos de traballo ou formación en centro		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO3.3: Elaborar materiais na aula virtual.	Titores e especialistas	30/06/2023	Aula Virtual		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO3.4.: Implementación na aula dos materiais	Titores e esppecialistas	30/06/2023	Actividades Aula Virtual e Rúbricas		**Realizada**	

elaborados valorada mediante una rúbrica.						

Área/s de mellora:	**B: COLABORACIÓN E REDES.**		
4. OBXECTIVO:	Mellorar a competencia dixital do profesorado que non acadou o A2 no test CDD. (B1)	**Acadado**	
OBXECTIVO 4:	Equipo directivo	**Non Acadado**	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Resultado no test CDD (Competencia Dixital Docente)		
Valor de partida:	Aprox un 33% do claustro non acada un nivel A2		
Valor previsto e data:	Polo menos un 65% do claustro acada un A2 a final do curso 22-23	30/06/2023	

ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	**RESPONSABLES**	**DATA PREVISTA FIN**	**RECURSOS NECESARIOS**	**SEGUIMENTO DA ACCIÓN**		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	**ESTADO**	
AO4.1: Dinamizar, informar, fomentar, difundir, ... a participación en actividades de formación para certificar e/ou mellorar a competencia dixital docente	- Dirección. - Coordinador/a TIC	30/09/2022	Persoal, en colaboración co CFR (relatores, ...).		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO4.2: Coordinar a participación en actividades de formación para certificar e/ou mellorar a competencia dixital docente.	- Coordinador/a TIC	30/06/2023	Persoal, en colaboración co CFR (relatores, ...).		**Realizada** **Aprazada** **Pendente**	
AO4.3: Recopilar e compartir os resultados de mellora na CDD do profesorado.	- Coordinador/a TIC - Grupo de Traballo	30/06/2023	- Materiais (equipos informáticos, software.		**Realizada**	

4. Avaliación do plan

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será realizado polos diferentes membros da comunidade educativa implicados en cada acción, e supervisado polo equipo do Plan Dixital e o equipo

directivo tal como se establece nos obxectivos do pplan de acción.

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os, aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.

- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

[Para acadar o correcto desenvolvemento do Plan Dixital será necesario implicar a todos os mebros posibles da comunidade educativa. Para iso será necesario definir diferentes medios polos que terá difusión este Plan:

- Este Plan será presentado e aprobado tanto polo claustro así como por o Consello Escolar cunha convocatoria previa onde se lles fará chegar o documento para poder levar as propostas ou enmendas na xuntanza.

- Unha vez aprobado se incluirá na PXA do curso 22-23, para que todo o profesorado, que xa estaba no centro ou que se incorpora ese curso o coñeza.

Neste ámbito será necesario:

- Definir os protocolos ou estratexias que serán necesarios para organizar as revisións do plan e aplicar as actualizacións oportunas, así como publicitar e difundir o plan dixital entre a comunidade educativa.

PROTOCOLOS OU ESTRATEXIAS PARA A DIFUSIÓN DO PLAN DIXITAL			
Acción	**Destinatarios**	**Canle**	**Responsable**
Difusión do Plan ao Claustro	Claustro de profesorado	En CCP e na comisión de Coordinación TIC a	Coordinador TIC

		través dunha presentación e unha reunión posterior	
Difusión á Comunidade Educativa	Comunidade Educativa	Inclusión do Plan Dixital no PEC para a difusión do mesmo na web do centro (ceip.mestres.goldar @edu.xunta.gal)	Equipo directivo